



A memoria das palabras

IESP Fontem Albei

A Fonsagrada



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



ÍNDICE

1 Título do proxecto	2
2 Introducción	2
2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro	2
2.2 Xustificación do proxecto	3
3 Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación	3
3.1 Obxectivos a curto prazo	3
3.2 Obxectivos a longo prazo	4
4 Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos	4
4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo	4
4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo	7
5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía	8
6 Xestión e calendario	8
7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto	10
7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas	10
7.2 Alumnado participante	11
7.3 Outros membros da comunidade educativa	11
8 Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto	11
9 Orzamento. Xustificación e desagregación	12
10 Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas	12
11 Medidas de difusión do proxecto	13
11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos	13
11.2 Alcance (no centro: entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa, na contorna e/ou noutros espazos)	14
12 Plan de avaliación	14
12.1 Criterios e indicadores para a avaliación	14
12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa	15
Anexo I: Rúbricas para o plan de avaliación	16
Anexo II: Fotos dalgunhas actividades realizadas	19

1 TÍTULO DO PROXECTO

A memoria das palabras

2 INTRODUCCIÓN

O obxectivo principal deste proxecto é que o alumnado indague sobre o léxico patrimonial da contorna da Fonsagrada, promovendo así o uso da lingua galega e o diálogo coa veciñanza.

2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro

Segundo consta no Proxecto educativo de centro (PEC), no Proxecto lingüístico de centro (PLC) e no proxecto de fomento do galego do EDLG deste ano, os datos sociolingüísticos son os que seguen:

2.1.1 Contorna sociolingüística da Fonsagrada

O IESP Fontem Albei está situado na montaña lucense, na zona leste de Galicia, onde o perfil poboacional é o de xente maior, mais tamén predominan os galegofalantes, unha circunstancia que vai ser aproveitada para a posta en práctica do noso proxecto. Dito isto, cómpre salientar o paulatino incremento de persoas migrantes que se instalan na vila e que fan que medre a diversidade lingüístico-cultural da comarca ao incorporar outros idiomas como o portugués.

2.1.2 Situación do profesorado

O claustro está conformado por 27 profesionais dos/as que unha pequena porcentaxe procede da propia Fonsagrada, casuística que tamén suporá unha certa vantaxe para a consolidación e difusión do proxecto entre a veciñanza. Alén diso, boa parte do claustro emprega indistintamente o galego e o castelán como lingua vehicular no centro, mais a totalidade segue a normativa no relativo ao cumprimento de impartir certas materias en lingua galega, tal e como se recolle no PLC. De feito, a actitude xeral con respecto á utilización do galego é moi favorable. Proba disto é que, neste curso académico, se incorporaron a este proxecto de recuperación de léxico patrimonial varios profesores/as que declaran non empregar habitualmente o galego fóra do centro educativo. Así mesmo, o IESP Fontem Albei emprega o galego en toda a documentación administrativa e de xestión do centro, así como en comunicacións ou avisos e, en xeral, nas distintas actividades.

2.1.3 Situación do alumnado

Contamos cun total de 76 alumnos/as que teñen na inmensa maioría o galego como lingua habitual de comunicación oral, tanto dentro da familia como no propio centro. Polo tanto, unha alta porcentaxe presenta unha boa competencia oral e unha actitude positiva cara á utilización do galego no ámbito educativo e tamén cara á súa normalización social. Non obstante, tamén existe un núcleo significativo de alumnado migrante que posúe o castelán como lingua de orixe e que é moi resistente ao cambio cara ao galego. O mesmo acontece co alumnado procedente do occidente asturiano que cursa bacharelato no noso centro. Aínda poderíamos destacar un terceiro perfil de alumnado migrante que ten como lingua habitual o portugués, mais que, ao chegar á Fonsagrada, decide instalarse no castelán.

2.2 Xustificación do proxecto

Durante o curso académico 2021/2022, o IESP Fontem Albei implementou unha proba piloto para compilar léxico patrimonial, da que se obtiveron aproximadamente 40 palabras. Esta iniciativa, desenvolvida en colaboración co Museo Etnográfico da Fonsagrada, baixo o lema "Trae a túa palabra ao Museo", sentou as bases para as futuras actividades de promoción e preservación do patrimonio lingüístico.

Nos cursos 2022/2023 e 2023/2024, solicitamos a inclusión do centro no programa de Proxecta "Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional" como unha maneira de afianzar a nosa determinación na recollida e difusión de léxico propio da Fonsagrada. Buscamos aumentar o volume do patrimonio recollido, mellorar o tratamento dos datos e fomentar a súa difusión en toda a comunidade educativa. Un dos resultados máis salientables foi a incorporación de máis de 500 palabras á nosa base de datos.

Tamén concibimos este proxecto como unha oportunidade para involucrar o profesorado nun modelo de ensino integrador, onde a recuperación de palabras serviría como fío condutor dos distintos contidos e materias. De feito, ao longo destes anos buscamos establecer sinerxías con iniciativas do centro como o programa de Proxecta "Mestres gandeiros", o contrato-programa Innova EDUsaúde, o PFPP "Introdución ás metodoloxías activas" (curso 2022/2023), o programa "Donas de si" de Proxecta, o PFPP "Proxectos interdisciplinarios e Polos Creativos no IESP Fontem Albei" (2023/2024) e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

A nosa experiencia ten demostrado que o proxecto non só enriquece a formación do alumnado, senón que tamén promove un maior vínculo coas súas raíces, incide de xeito positivo na autoestima como falantes e aumenta a súa motivación. Por esta razón, queremos insistir un terceiro ano consecutivo no estudo do léxico patrimonial, para afianzar as nosas técnicas de recollida, ampliar o corpus lingüístico e implicar aínda máis a veciñanza.

Partimos dun contexto maioritariamente galegofalante e recoñecemos o papel fundamental da educación na normalización do idioma, por iso consideramos que é imprescindible incidir na preservación do patrimonio lingüístico, incluso naqueles contextos onde o galego goza dunha situación privilexiada. Proba disto é que o noso alumnado tiña perdido unha parte significativa das palabras recollidas.

3 OBXECTIVOS DESEÑADOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

3.1 Obxectivos a curto prazo

- Coñecer o patrimonio lingüístico e cultural de Galicia, en xeral, e da Fonsagrada, en particular.
- Difundir entre a comunidade migrante o patrimonio lingüístico e cultural da Fonsagrada.
- Incidir no coñecemento do léxico patrimonial raiano, coa axuda do alumnado procedente de Asturias.
- Potenciar a aprendizaxe baseada en proxectos, o traballo cooperativo e a gamificación.

- Favorecer ámbitos de aprendizaxe exitosos que xeren benestar e potencien a ilusión por aprender.
- Fomentar a interacción interxeracional para redescubrir o léxico da súa contorna.
- Promover a utilización do galego tanto en contextos formais como informais relacionados co proxecto.
- Empregar ferramentas dixitais para a elaboración de bases de datos e para a difusión do coñecemento.
- Difundir os resultados do proceso de aprendizaxe entre a comunidade educativa e a súa bisbarra.
- Colaborar con entidades culturais e asociativas, así como coas empresas locais para favorecer o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración social.

3.2 Obxectivos a longo prazo

- Integrar os diferentes departamentos didácticos nun mesmo labor pedagóxico de xeito que se creen canles de cooperación que no futuro poidan xerar aprendizaxes en común.
- Favorecer a autoestima lingüística do alumnado e a concienciación sobre a urxencia de recuperar palabras en risco de desaparición.
- Recuperar o uso do léxico patrimonial da Fonsagrada que xa desapareceu nas xeracións novas.
- Potenciar a utilización da lingua galega como vertebradora de calquera aprendizaxe posterior do alumnado.
- Involucrar a comunidade educativa na aprendizaxe do alumnado, poñendo en valor o moito que os/as falantes saben, mesmo sen seren conscientes diso.
- Conseguir redes de implicación estables con colectivos externos (Concello da Fonsagrada, Museo Etnográfico, locais de hostalaría, asociacións culturais etc.).
- Eliminar prexuízos cara á variedade dialectal propia.
- Desterrar estereotipos negativos cara á nosa lingua que inciden no galego rural como sinónimo de castrapo ou de lingua mal falada.
- Promover o emprego do galego entre o profesorado e o persoal non docente, tanto no rexistro culto como no coloquial.
- Integrar as actuacións deste proxecto en todos aqueles outros proxectos e plans que os equipos docentes desenvolvan.

4 ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA PROPOSTAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo

4.1.1 Actuacións para a recollida e xestión do patrimonio lingüístico

- Elaborar e instalar cadernos de recollida en varios puntos da vila para que as persoas que o desexen poidan depositar alí as súas palabras. Tendo en conta o envellecemento da poboación, consideramos fundamental que os cadernos estean a disposición da veciñanza en lugares que visitan con frecuencia e en formato papel. Para esta actividade precísase a colaboración de diferentes institucións, entidades,

asociacións e empresas que se fagan cargo dos cadernos e promovan a implicación da comunidade.

- Crear un caderno de recollida en liña, para o que empregaremos un formulario de Google e difundirémolo nas redes sociais. A pesar do anterior, consideramos tamén fundamental a incorporación das novas tecnoloxías para o proceso de recollida, de maneira que poidamos chegar a calquera perfil de público.
- Definir e clasificar todas as palabras recollidas nunha base de datos colaborativa, aproveitando que o IESP Fontem Albei posúe unha conta G Suite con aplicacións en liña para todo o alumnado. O paquete inclúe Documentos e Drive. Até o momento, as palabras que foron incorporadas poden consultarse [aquí](#). Neste proceso, distinguiremos o papel do alumnado en función dos niveis educativos:
 - Nos cursos de 1º e 2º de BAC o alumnado debe (1) definir palabras, previamente proporcionadas polo profesorado nativo da Fonsagrada, nunha folla de cálculo compartida e preguntar na casa polas que non coñece. Tamén debe (2) incorporar, polo menos, outras dúas novas á base de datos.
 - Nos cursos de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO o alumnado debe (1) definir palabras xa proporcionadas polo profesorado na aula e (2) procurar algunha outra. O profesor ou profesora responsable será quen as incorpore á base de datos colaborativa.
- Compilar novas palabras relacionadas con múltiples campos do saber, a través dos contidos das diferentes materias. O resultado será tamén incorporado á base de datos.
- Visitar o Instituto da Lingua Galega, no marco das actividades que nos ofrece o Plan Proxecta no programa "Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional" para observar diferentes metodoloxías e proxectos de investigación relacionados co léxico patrimonial. Esta aprendizaxe pode ser de grande utilidade para mellorar os nosos procedementos de recollida e xestión do corpus.

4.1.2 Actuacións para o traballo e difusión do patrimonio lingüístico:

Se ben nos cursos anteriores centramos os nosos esforzos principalmente na recollida e xestión do patrimonio, neste ano 2023-24 consideramos fundamental ir máis aló e concenterlle a importancia que merece a traballar e difundir ese patrimonio, tanto a nivel centro como fóra del. Recóllense, de seguido, as actuacións propostas para tal fin.

- Solicitar a participación na III Edición dos premios DigochoEu cunha proposta na que se recollen as diferentes denominacións da forma "foliada", na Fonsagrada tamén chamada "polavila". É unha actividade para a que contamos coa colaboración da A.C. Petapouco e a Destempo, que organiza o macroevento anual da Foliada da Fonsagrada. Pode verse un vídeo resumo [aquí](#).
- Realizar un FonsaQuiz con pequenos vídeos nos que se preguntará polo significado de palabras recollidas a persoas de fóra da vila. Para cada palabra daranse tres definicións e deberase escoller a correcta. Aproveitarase para realizar esta actividade nunha das saídas previstas a Lugo.

- Participar no certame literario das Letras Galegas organizado pola A. C. Antaruxas e Sorteiros da Fonsagrada con poemas e pequenos textos que inclúan como mínimo tres palabras da base de datos.
- Incluír o léxico recuperado neste proxecto nos diferentes obradoiros coordinados polo EDLG. Está previsto, por exemplo, un obradoiro con Alba María sobre a improvisación oral. En anos anteriores puxemos en marcha esta iniciativa cos seguintes obradoiros:
 - De escritura creativa con Andrea Barreira Freire.
 - De escritura creativa con Ana Carreira.
 - De regueifas con Lupe Blanco.
 - De romances con Antón Cortizas.
 - Da cultura Hip-hop con Marvin L.
- Diseñar vídeos para as redes sociais, baixo o cancelo #NaFonsagradadicimosasí, co fin de fomentar a cesión de palabras por parte da veciñanza ou de calquera outra persoa que as coñeza. Para esta actividade aproveitaremos os recursos ofrecidos polos Polos Creativos.
- Diseñar pasatempos con palabras da nosa base de datos para repartir polos restaurantes da Fonsagrada, en formato de mantel individual A3. É unha actividade que conta coa implicación dos locais de hostalaría.
- Crear pequenos libros de pasatempos con sopas de letras, crucigramas, xeroglíficos etc. para repartir polos bares da Fonsagrada e que os/as clientes poidan descifrar. A idea de base é agradecerlles ás empresas a súa implicación na recollida de léxico e fomentar a gamificación do coñecemento, tamén entre a veciñanza. Cómpre salientar a colaboración do alumnado brasileiro e asturiano do centro, así como dos departamentos de linguas estranxeiras, que elaborarán pasatempos con palabras propias da zona traducidas ao portugués, galego asturiano, inglés e francés. Promóvese así o tratamento integrado de linguas (TIL).
- Diseñar e implantar unha nova xincana como a que se realizou no curso académico 2022/2023 e na que o fío condutor eran as palabras presentes nesa base de datos. Foi feita polo profesorado inscrito no PFPP "Introdución ás metodoloxías activas: o presente e o futuro da educación". Teremos moito coidado na elaboración dos grupos de alumnado que compiten para favorecer a inclusión e a igualdade de oportunidades.
- Elaborar unha caixa gamificada que ten como temática lugares de interese da Fonsagrada (Hospital de Montouto, Seimeira de Vilagocende etc.). Na redacción das pistas inclúese vocabulario específico da Fonsagrada. Será elaborada polo profesorado inscrito no PFPP "Proxectos interdisciplinarios e Polos Creativos no IESP Fontem Albei".
- Elaborar dous xogos de Trivial nos que participan os distintos departamentos e onde os contidos de lingua inclúan preguntas relacionadas co léxico da Fonsagrada. Estes dous xogos corresponderanse tamén con dous graos de dificultade, un para os primeiros niveis da ESO e o outro para o resto.
- Elaborar tres xogos de mesa -bingo, dominó e memory game- con palabras da nosa base de datos para que o alumnado visite as residencias de maiores da vila e xogue coas persoas que alí están. Trataríase dunha actividade que, como as anteriores,

conecta cos principios básicos da Aprendizaxe e Servizo. Nestes xogos, terase moi presente a atención á diversidade que non só se sustenta no apoio do alumnado, senón tamén no propio deseño dos materiais. Así:

- A tarxetas do Memory Game serán de grande tamaño e incluírán unha palabra cunha imaxe asociada en cada tarxeta. Isto facilitará que os/as participantes que teñan dificultades de lectura tamén poidan xogar.
- O dominó terá unhas fichas de maior tamaño que as habituais e, en lugar de números, terá palabras asociadas a unha figura con cor. Desa maneira, os/as participantes tamén poderán xogar coas palabras, aínda que lles resulte difícil a lectura. Para este xogo en particular, colaboraremos co departamento de Tecnoloxía e usaremos os recursos ofrecidos polos Polos Creativos na elaboración das fichas. Serán de madeira e incluírán unha impresión vinílica. Cómpre destacar que as palabras escollidas son adxectivos caracterizadores de persoa. En colaboración co programa Proxecta "Donas de si", púxose en práctica a linguaxe inclusiva, ofrecendo solucións con barras en todas as pezas. Ex: "bragado/a".
- Nos cartóns do bingo aparecerán números e palabras asociadas. Para o sorteo de bólas deseñouse un programa informático que selecciona os números aleatoriamente e presenta unha interface relacionada co noso proxecto. A creación desta aplicación foi posible grazas á colaboración desinteresada do programador Acaymo Hernández.

4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo

4.2.1 Actuacións para a recollida e xestión do patrimonio lingüístico:

Definir e clasificar ou revisar as palabras que aparezan nos cadernos de recollida para incorporalas á base de datos.

4.2.2 Actuacións para o traballo e difusión do patrimonio lingüístico:

- Crear un herbario con plantas comúns da Fonsagrada e unha exposición fotográfica das diferentes herbas de San Xoán que se utilizan nesta zona e arredores. Será unha actividade realizada, fundamentalmente, polo alumnado de FPB de industrias agropecuarias, que se expoñerá no propio centro e tamén no Museo Etnográfico da Fonsagrada.
- Contribuír á recuperación do Entroido tradicional da Fonsagrada, unha actividade que foi promovida logo de descubriremos léxico relacionado con el: "mázcara, foliqueiro, entroido" etc. Na actualidade, a A. C. Antaruxas e Sorteiros sumouse a esta iniciativa. Pode consultarse a reportaxe que nos fixo o xornal *El Progreso* [aquí](#).
- Ofrecerlles a nosa base de datos e algúns materiais de gamificación ao CEIP Santa María e á Galiña Azul para que poidan elaborar novos xogos, adaptados ás súas necesidades.
- Crear unha publicación en papel onde se inclúan todas as palabras compiladas nestes dous cursos académicos. Pode ser interesante a colaboración do Concello da Fonsagrada e da Deputación Provincial de Lugo.

5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía

O proxecto xorde no curso 2021/2022 como unha proba piloto de recollida de léxico patrimonial coa que se obteñen unhas 40 palabras. Este constituíu o punto de partida para, no curso 2022/2023, conseguir un volume de patrimonio moito maior e comezar coa realización dalgunhas actividades que implicarán o uso de boa parte do léxico recollido. Porén, se ben nestes anos se contou coa colaboración puntual de varios departamentos, a coordinación era desenvolta principalmente polo EDLG e polo Equipo de Dinamización da Biblioteca. Será neste curso cando o proxecto adquira un gran carácter transversal e interdisciplinario coa incorporación de profesorado da práctica totalidade dos departamentos, que traballan xa desde o comezo de curso nel. Na actualidade, estanse a realizar numerosas actividades de difusión e uso do léxico recollido e o profesorado das distintas especialidades participa no seu deseño e posta en práctica.

A metodoloxía pretende ser activa e dinámica, fomentando en todo momento a participación do alumnado, así como o traballo cooperativo. Ao carácter lúdico da aprendizaxe concédeselle grande importancia, buscando a motivación do alumnado, e mostra diso son as actividades propostas, xa que moitas delas son xogos ou pasatempos. Ademais, a atención á diversidade constitúe para nós un aspecto fundamental. Coa variedade de propostas, estamos traballando as intelixencias múltiples, aproveitando así o potencial do noso alumnado e permitindo que poida participar activamente.

6 Xestión e calendario

A memoria das palabras é un proxecto transversal iniciado co curso 2021/2022 e que ten continuidade até a actualidade. A seguir detállanse as accións pensadas para desenvolverse neste curso. Non obstante, debemos ter presente que o calendario pode estar suxeito a modificacións, atendendo á dispoñibilidade das partes implicadas.

Setembro - Decembro

A recollida de léxico púxose en marcha no mes de setembro, co reparto dos cadernos polos distintos locais da vila e coa elaboración do formulario de recollida en liña. Desde as primeiras semanas tamén se traballou na xestión do léxico compilado durante o curso anterior. Estas dúas iniciativas terán continuidade ata xuño.

Xaneiro - Marzo

- Elaboración dos distintos xogos e pasatempos para poñelos en práctica no último trimestre do curso.
- Charla sobre Entroido tradicional da Fonsagrada a cargo da A. C. Antaruxas e Sorteiros.
- Deseño da caixa gamificada.
- Realización dos vídeos do FonsaQuizz, aproveitando unha visita á cidade de Lugo prevista para o mes de marzo.
- Elaboración do vídeo para presentar aos premios especiais do xurado do DigochoEu e dos vídeos para a visibilización do proxecto en redes sociais.

Abril - Xuño

- Impresión e distribución dos manteis e libros de pasatempos polos distintos locais de hostalaría.
- Visita ás residencias de anciáns da vila para realizar as xornadas de xogo.
- Implantación da xincana.
- Participación no certame literario das Letras Galegas organizado por A. C. Antaruxas e Sorteiros.
- Obradoiro de improvisación oral con Alba María.
- Visita ao Instituto da Lingua Galega e, de sermos seleccionados, á gala do DigochoEU.
- Creación dun herbario con plantas comúns da Fonsagrada e exposición fotográfica das diferentes herbas de San Xoán que se utilizan na zona.
- Elaboración dunha publicación en papel onde se inclúan as palabras compiladas.

7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas

Profesor/a	Departamento	Rol
Noemi Basanta	Lingua Galega e Literatura	<ul style="list-style-type: none"> - Coordinación do proxecto, dos programas de Proxecta e do EDLG. - Coordinación da compilación de palabras e revisión da base de datos.
Antía Álvarez	Matemáticas	<ul style="list-style-type: none"> - Maquetación e supervisión dos manteis. - Elaboración do caderno de recollida virtual.
Ilda Sarceda	Física e química	<ul style="list-style-type: none"> - Coordinación da elaboración de pasatempos en papel. - Coordinación para a realización dos materiais audiovisuais.
Gabriel Torres	Lingua Galega e Literatura	<ul style="list-style-type: none"> - Coordinación da compilación de palabras e revisión da base de datos.
María Castro	Xeografía e Historia	<ul style="list-style-type: none"> - Supervisión do Memory Game e dos dous xogos de Trivial.
Cristina Gómez	Matemáticas	<ul style="list-style-type: none"> - Maquetación do dicionario en papel. - Maquetación do libro de pasatempos.
Concepción Monteagudo	Lingua Castelá e Literatura	<ul style="list-style-type: none"> - Difusión do proxecto en redes sociais. - Coordinación para a elaboración da xincana e a caixa gamificada. - Coordinación das saídas didácticas.
Iria Alonso	Bioloxía e Xeoloxía	<ul style="list-style-type: none"> - Supervisión dos bingos. - Coordinación na compilación de palabras para o herbario.
M ^a Isabel Santamarina	Francés	<ul style="list-style-type: none"> - Coordinación das saídas ás residencias de maiores e revisión dos pasatempos en francés. - Supervisión na elaboración dos dominós.
Rocío López	Educación Plástica e Visual e coordinadora de biblioteca	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración e distribución dos cadernos de recollida. - Deseño do agasallo de Nadal.

Alén deste profesorado, participa tamén:

Irene Iglesias Casal (Industrias Agropecuarias)

Vanessa Pérez López (Bioloxía e Xeoloxía)

Nuria González Martínez (Tecnoloxía)

Adriana Pérez Pazo (Inglés)

7.2 Alumnado participante

1º ESO: 15 participantes

2º ESO: 20 participantes

3º ESO: 7 participantes

4º ESO: 6 participantes

1º FPB: 2 participantes

2º FPB: 3 participantes

1º BAC: 8 participantes

2º BAC: 15 participantes

7.3 Outros membros da comunidade educativa

Cabe destacar a participación das familias e da veciñanza da Fonsagrada por constituíren unha fonte decisiva na recollida de palabras. Non menos relevante é a colaboración activa de tres profesoras da Fonsagrada (Laura, Trini e Gloria), xa xubiladas, que nos facilitaron léxico e participaron na revisión da base de datos desde os inicios do proxecto. Tampouco podemos deixar sen nomear o profesorado que participou no proxecto o pasado curso e que actualmente non está no centro, en especial a Iria Fernández Moscoso.

8 Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto

- Equipos informáticos e de impresión.
- Material de papelería diverso (folios, cartolinas, útiles para encadernación...) para a elaboración dos cadernos, manteis, libros de pasatempos, xogos de mesa etc.
- Plastificadora.
- Madeira e vinilo para os dominós.
- Material de gamificación (cadeados, lanternas de luz ultravioleta, caixas de madeira e outros).
- Equipo de gravación e edición para a realización dos vídeos de visibilización do proxecto e do FonsaQuizz.
- Taboleiro e fichas do trivial para xogar coas tarxetas creadas polo alumnado.
- Cámara para as fotos do herbario.

9. Orzamento. Xustificación e desagregación

Concepto	Descrición/Xustificación	Importe (€)
Impresión de cadernos de recollida das palabras	Cadernos distribuídos por distintos lugares da vila	150€
Impresión de manteis	Manteis de papel con pasatempos para a súa distribución nas empresas de hostalaría	150€
Impresión de pasatempos	Libros con sopas de letras, encrucillados etc. para a súa distribución en distintos locais	250€
Impresión do herbario e exposición fotográfica	Herbario con plantas comúns da Fonsagrada e exposición fotográfica das diferentes herbas de San Xoán da zona	150€
Impresión da publicación en papel	Publicación onde se inclúan todas as palabras compiladas neste curso académico e nos anteriores	200€
Elaboración de xogos	Material destinado á elaboración de xogos de mesa para a difusión das palabras	250€
Visita ao Instituto de Lingua Galega e participación na III Edición dos premios DígochoEu	Desprazamento	800€
Material de papelería	Cartolinas, folios para plastificación, útiles encadernación etc.	150€
Fotocopias	Material de traballo	100€
Obradoiros de temática diversa	Custo dos obradoiros	300€
TOTAL		2500€

10. Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas

Nestes anos temos tecido unha rede de colaboracións que ten dado froitos moi interesantes e que nos gustaría manter no futuro. Detállase a continuación:

- Concello da Fonsagrada
- Museo Etnográfico da Fonsagrada
- Residencias de anciáns
- CEIP Santa María
- Galiña Azul A Fonsagrada
- A. C. Antaruxas e Sorteiros
- A. C. Petapouco e a Destempo
- Bares e comercios da Fonsagrada

11 Medidas de difusión do proxecto

11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos

11.1.1 Difusión xa realizada

- Participación, en directo, no programa *Patinho en Twitch* para explicar o noso proxecto coa representación dunha alumna de 1º de BAC, outra de 2º de BAC e a coordinadora do proxecto. Pode consultarse o programa [aquí](#).
- Participación no XLIV Certame Terra Chá de creación infantil e xuvenil cos vídeos elaborados para a promoción dos cadernos de compilación de léxico. O centro obtivo o 1º premio e foi unha actividade realizada polos cursos 1º, 2º e 3º de ESO, en colaboración cos departamentos de Lingua Galega e Literatura e o de Tecnoloxía.
- Participación no II concurso do programa *DígochoEu* para o que se elaborou un guión no que se reivindicaba a variedade dialectal da Fonsagrada. O centro obtivo o 2º premio entre os centros de ensino secundario de toda Galicia. Foi unha actividade realizada polos cursos 1º de BAC e 2º de FPB, coordinada polos departamentos de Lingua Galega e Literatura e o departamento de Educación Plástica e Visual. Pode verse o vídeo [aquí](#) e a entrega de premios [aquí](#).
- Colaboración co Concello da Fonsagrada na decoración de Nadal da vila. Deseñamos unha estrutura de ferro con luces, en forma de agasallo xigante, que realizou o concello e onde penduramos varias palabras recollidas no proxecto.
- Entrevistas no xornal *El Progreso*
 - "[Alumnos do Fontem Albei de A Fonsagrada recuperan palabras en desuso de la zona](#)" (10/06/2022).
 - "[A fala da Fonsagrada non se perde](#)" (04/04/2023).
 - "Alumnos del IES recuperan vocabulario típico del lugar" (02/02/2024): Edición impresa na reportaxe especial sobre a Feira do Butelo da Fonsagrada.
- Incorporación de 572 palabras ao *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués* do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela. Pode consultarse un exemplo [aquí](#).
- Participación no V Simpósio Profletras da Universidade de São Paulo dentro dunha mesa redonda coordinada polo Instituto da Lingua Galega, entidade responsable do programa do Plan Proxecta ao que se adscribe *A memoria das palabras*. Asistiu a coordinadora do proxecto, Noemí Basanta, para explicar os obxectivos acadados e as expectativas de futuro.

11.1.2 Difusión futura

- Elaborar vídeos para a difusión dos cadernos onde se poden depositar as palabras. É unha actividade xa realizada en anos anteriores, en colaboración co departamento de Tecnoloxía e os Polos Creativos. Poden consultarse algúns destes vídeos na [canle de youtube do centro](#), baixo o cancelo #NaFonsagradadicimosasí.
- Todos os materiais de gamificación xerados no marco do proxecto serán distribuídos polos diferentes establecementos da vila, residencias de anciáns, CEIP Santa María, Galiña Azul etc. Isto non só supón unha importante aprendizaxe para

o alumnado no manexo do patrimonio lingüístico, senón tamén unha interesante vía para dar a coñecer o proxecto e os seus resultados entre a veciñanza.

- A creación do FonsaQuizz na capital lucense pode ser tamén unha boa maneira de difundir o léxico fóra da contorna.
- Difusión da base de datos a través de pegatinas con códigos QR en locais da vila e nas redes sociais.
- Utilización das redes do centro: [web](#), [Instagram](#) e [Facebook](#).

11.2 Alcance (no centro: entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa; na contorna e/ou noutros espazos)

O alcance do proxecto atinxe á práctica totalidade da nosa comunidade educativa, que acolle a iniciativa con interese e entusiasmo. Ademais, grazas á difusión a través das redes sociais, o impacto que acadamos superou as fronteiras da comarca, tal e como pode verse polo interese que suscitou en certos medios de comunicación como o xornal *El Progreso* ou o programa *Patinho en Twitch*.

12. Plan de avaliación

Os contidos traballados neste proxecto sitúanse claramente dentro da programación das materias de linguas. Repárese, por exemplo, na importancia que ten o recoñecemento das variedades dialectais nos currículos de 4º de ESO e 2º de BAC, así como a correcta identificación das categorías gramaticais e/ou correcta elaboración de definicións en todos os niveis de ESO e bacharelato. Alén diso, o proxecto pode favorecer a adquisición de contidos de tipo sociolingüístico, incidindo na mellora da autoestima galegofalante e valorando a importancia do galego extremeiro e a lusofonía.

Tamén elaboramos dúas rúbricas que pretenden avaliar a consecución dos obxectivos do proxecto e os relacionados especificamente coas aprendizaxes do alumnado. Nos próximos meses cubriranse estas rúbricas nunha reunión na que participe todo o claustro implicado no proxecto. Ademais, tamén será realizada, cara ao final de curso, unha avaliación por parte do alumnado co fin de coñecer a súa satisfacción co proxecto e a súa valoración das aprendizaxes adquiridas.

12.1 Criterios e indicadores para a avaliación

Poden verse as rúbricas completas no anexo I. A continuación, unicamente se incorpora o deseño xeral e os ítems avaliados:

Rúbrica 1: Avaliación xeral do proxecto (para cubrir o claustro)

- 1 Planificación e organización
- 2 Xestión de recursos
- 3 Comunicación e coordinación
- 4 Avaliación e seguimento
- 5 Impacto e difusión

Rúbrica 2: Avaliación da implicación do alumnado (para cubrir o claustro)

- 1 Participación e compromiso

- 
- 2 Coñecemento e implicación
 - 3 Colaboración e resolución de problemas
 - 4 Utilización de recursos e ferramentas
 - 5 Autoavaliación e reflexión

Rúbrica 3: Avaliación do proxecto e das aprendizaxes adquiridas (para cubrir o alumnado)

- 1 Grao de satisfacción
- 2 Aprendizaxes adquiridas

12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

É indubidable a contribución positiva que o proxecto está a ter na eliminación dos prexuízos que o noso alumnado ten sobre a súa lingua, favorecendo notablemente a posta en valor da variante dialectal propia, así como de calquera outra. Isto está a aumentar a súa autoestima como falantes, feito que pode potenciar o uso da lingua galega nos distintos contextos da súa vida.

Ademais, o desenvolvemento do proxecto tamén está a permitir chegar o profesorado procedente doutros lugares de Galicia, así como a comunidade migrante, ao patrimonio lingüístico e cultural da zona, feito que consideramos moi enriquecedor.

En todo caso, o desenvolvemento do proxecto vai implicar, necesariamente, adquirir vocabulario, en concreto léxico patrimonial da Fonsagrada xa perdido nas novas xeracións, e mellorar deste xeito a competencia lingüística.

Anexo I: Rúbricas para o plan de avaliación

Cada criterio das rúbricas que presentamos a continuación será avaliado de acordo coa seguinte escala de puntuación: 1 (Nada satisfactorio), 2 (Pouco satisfactorio), 3 (Satisfactorio), 4 (Bo), 5 (Excelente).

Rúbrica 1: Avaliación xeral do proxecto (para cubrir o claustro)

1 Planificación e organización

- a) A coordinación desenvolveu un plan claro e detallado que define os obxectivos, tarefas e prazos de forma precisa. []
- b) Os recursos materiais, financeiros e humanos foron asignados e distribuídos de forma eficaz para cumprir cos obxectivos establecidos. []
- c) O proxecto mantivo unha progresión constante e respectou os prazos establecidos para cada fase ou actividade. []

2 Xestión de recursos

- a) A coordinación realizou un uso prudente e eficiente dos recursos dispoñibles, maximizando o seu impacto. []
- b) Foron empregadas ferramentas e tecnoloxías adecuadas para facilitar a xestión do proxecto e a súa difusión. []
- c) O persoal implicado recibiu o apoio e formación necesarios para desempeñar as súas funcións de forma eficaz. []

3 Comunicación e coordinación

- a) Mantívoase unha comunicación aberta e fluída entre os membros do equipo, facilitando a coordinación e a toma de decisións. []
- b) Promovéronse espazos e momentos de colaboración e cooperación entre os membros do equipo para compartir ideas e resolver problemas. []
- c) Os conflitos ou atrancos que xurdiron durante o proxecto foron tratados de forma construtiva e resolutiva, sen afectar ao seu progreso. []

4 Avaliación e seguimento

- a) Definíronse criterios de avaliación claros e transparentes para monitorizar o progreso do proxecto e avaliar o seu éxito. []
- b) Realizáronse seguimentos regulares do progreso do proxecto para identificar posibles desviacións e tomar medidas correctivas oportunas. []
- c) Foron realizadas adaptacións e melloras ao proxecto en resposta ás necesidades e circunstancias cambiantes. []

5 Impacto e difusión

- a) Avaliouse o impacto do proxecto na comunidade educativa e na bisbarra mediante indicadores cualitativos e cuantitativos. []
- b) Os resultados e logros do proxecto foron difundidos de forma efectiva tanto dentro como fóra da comunidade educativa. []

c) Mantívose unha colaboración activa con entidades externas para amplificar o impacto do proxecto e garantir a súa sustentabilidade a longo prazo. []

Rúbrica 2: Avaliación da implicación do alumnado (para cubrir o claustro)

1 Participación e compromiso

a) O alumnado participante demostrou unha implicación activa e compromiso co desenvolvemento e éxito do proxecto. []

b) Contribuíu de forma construtiva ao traballo en equipo, compartindo ideas e colaborando na realización das tarefas asignadas. []

c) Asistiu regularmente ás actividades programadas e chegou puntualmente a elas. []

2 Coñecemento e implicación

a) Demostrou unha comprensión sólida e profunda do patrimonio lingüístico e cultural abordado no proxecto. []

b) Participou activamente na difusión e promoción do patrimonio lingüístico e cultural entre os seus compañeiros e na comunidade. []

c) Mostrou interese e participou de forma activa e entusiasta nas actividades de aprendizaxe propostas. []

3 Colaboración e resolución de problemas

a) Colaborou de forma eficaz cos compañeiros/as para resolver problemas e superar obstáculos que se presentaron durante o proxecto. []

b) Demostrou adaptabilidade e flexibilidade enfrontándose a diferentes situacións e contextos de traballo en equipo. []

c) Contribuíu con ideas innovadoras e propostas creativas para abordar os retos e desafíos do proxecto. []

4 Utilización de recursos e ferramentas

a) Utilizou de forma eficaz as ferramentas dixitais e recursos dispoñibles para levar a cabo as tarefas asignadas. []

b) Soubo buscar, seleccionar e utilizar información relevante para o desenvolvemento do proxecto, demostrando habilidades de investigación. []

c) Empregou de forma creativa os recursos dispoñibles para a realización das tarefas asignadas, demostrando iniciativa e creatividade. []

5. Autoavaliación e reflexión

a) Reflexionou de forma crítica sobre o seu propio traballo e identificou áreas de mellora para o crecemento persoal e académico. []

b) Participou activamente na autoavaliación do seu progreso individual e do equipo, contribuíndo ao proceso de mellora continua. []

c) Estivo disposto/a a recibir retroalimentación constructiva e integrar as recomendacións para a mellora continua do seu desempeño. []

Rúbrica 3: Avaliación do proxecto e das aprendizaxes adquiridas (para cubrir o alumnado)

1 Satisfacción

- As actividades vinculadas ao proxecto resultáronme interesantes e motivadoras. []
- O tema escollido para o proxecto resultoume relevante e interesante. []
- A organización do proxecto pareceume adecuada e cumpriu coas miñas expectativas. []
- As instrucións foron claras, concisas e fáciles de entender. []
- O profesorado axudoume a participar activamente e a comprometerme no desenvolvemento do proxecto. []
- Estou satisfeito/a co traballo realizado e co resultado final do proxecto. []

2 Aprendizaxes adquiridas

- As actividades para realizar presentaron unha dificultade adecuada para o meu nivel. []
- As tarefas propostas permitíronme aplicar o meu coñecemento en actividades cooperativas. []
- Adquirín unha comprensión sólida e profunda do patrimonio lingüístico e cultural abordado no proxecto. []
- O desenvolvemento do proxecto contribuíu á eliminación dos meus prexuízos lingüísticos e aumentou a miña autoestima como falante. []

Anexo II: Fotos dalgunhas actividades realizadas

